

RESOLUCIÓN REITORAL DO 21 DE ABRIL DE 2025 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS DO PROGRAMA DE PULO Á VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO DO CAMPUS AUGA

Esta iniciativa pretende favorecer a transferencia de coñecemento á sociedade e asumir un papel relevante no desenvolvemento económico do contorno e o fomento da cultura emprendedora. Como acción estratéxica na Universidade de Vigo estudiarase o impacto que esta convocatoria poida ter no desenvolvemento curricular do persoal investigador para efectos de méritos internos.

A investigación, como actividade orientada a xerar novo coñecemento, de conformidade co establecido no artigo 101.1 dos Estatutos da Universidade, constitúe unha función esencial da Universidade e un dos fundamentos da docencia. O mesmo artigo 101, indica no seu apartado 2 que a Universidade asume tamén o desenvolvemento da transferencia dos resultados da investigación.

Os propios Estatutos da Universidade definen no artigo 104 o concepto de transferencia, como o exercicio de trasladar á sociedade o coñecemento xerado na Universidade, ao servizo da cidadanía, da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.

Esta acción ten lugar no marco do financiamento do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Auga de Ourense (2024-2027).

Neste contexto, o Campus Auga, como campus de especialización acreditado do SUG contribúe aos obxectivos estratéxicos da Universidade de Vigo a través do traballo nas seguintes liñas de especialización:

- Alimentación Funcional
- Agricultura e Medio Ambiente
- Xestión da Auga Termal.

Ademais, estas liñas de especialización contan co apoio das seguintes áreas transversais de soporte: Intelixencia Artificial, Economía Circular e Lexislación Agroalimentaria e Medioambiental.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril de 2007 e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar axudas a proxectos de valorización e transferencia do Campus Auga, en réxime de concorrencia competitiva, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor,

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA DE PULO Á VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO DO CAMPUS AUGA

1. Obxecto e finalidade das axudas

O Campus Auga pon en marcha este programa co obxectivo de identificar, valorizar e madurar resultados de investigación nas súas diferentes fases de desenvolvemento, con potencial de explotación e impacto no mercado. Deste xeito preténdese transformar o coñecemento xerado en produtos e servizos con valor no mercado.

Os proxectos obxecto desta convocatoria deben axudar a promover as primeiras etapas do desenvolvemento precompetitivo e facilitar a súa aplicación práctica, como a protección do coñecemento xerado, a análise da viabilidade técnica, comercial ou social, a obtención de prototipos tecnolóxicos, o desenvolvemento de escala piloto, probas con usuarios finais, a definición do modelo de negocio ou as primeiras fases de creación dunha empresa. Queda excluída do obxecto desta convocatoria o financiamento de proxectos de investigación ou de novos desenvolvementos técnicos, así como de empresas innovadoras e de base tecnolóxica (Spin-Off) xa creadas ou existentes con anterioridade ao inicio do prazo de solicitudes deste programa.

Estas axudas teñen como finalidade contribuír a potenciar as liñas de especialización do Campus da Auga aprobadas no seu plan estratéxico 2024-2027.

Ademais, esta convocatoria quere contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle o artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, así como o artigo 20 de Lei 13/2021, do 20 de xullo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación e o propio III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo no seu eixe 3. Por iso, as axudas que se regulan nesta convocatoria terán en consideración o peso relativo das mulleres nas propostas presentadas, de xeito que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo.

2. Características dos proxectos

Poderá ser beneficiario destas axudas o persoal investigador que cumpra os requisitos establecidos nesta convocatoria e que forme parte dun grupo de investigación do Campus Auga.

A presentación de candidaturas poderá realizarse a título individual ou en equipo se ben, no último caso, terá que designarse un/unha investigador/a principal e un equipo proporcional coas tarefas a realizar. O equipo poderá estar formado por membros dun ou de diferentes grupos de investigación do Campus Auga.

Os proxectos ou resultados deben estar aliñados coas liñas de especialización do Campus Auga: Alimentación funcional, Agricultura e Medio Ambiente e Xestión da Auga Termal. Ademais, debe tratarse de resultados ou metodoloxías novidosas e con potencial aplicación económica ou social.

As propostas poderán contemplar as seguintes actividades:

- a) Desenvolvemento necesario para a conversión dos resultados da investigación nun proceso de creación de valor, con potencial innovador.
- b) Análise da viabilidade técnica, comercial ou social dos resultados obxecto da proba de concepto.
- c) Axuda na obtención de prototipos, demostración a escala piloto, probas con usuarios finais ou outras actividades que permitan a validación do resultado, proceso ou produto e a súa transición a escala real, adaptándose aos recursos dispoñibles.
- d) Establecemento de contactos con empresas, e outros axentes sociais, organizacións culturais, responsables políticos e servizos públicos ou outros potenciais usuarios finais dos resultados do proxecto.
- e) Protección do coñecemento e xestión estratéxica dos dereitos de propiedade industrial e intelectual (DPI) vinculados á tecnoloxía ou coñecemento obxecto da proba de concepto.
- f) Actuacións dirixidas á transferencia e explotación dos resultados, elaboración do plan de empresa e previsión de financiamento para as seguintes etapas.
- g) Actuacións iniciais para a creación dunha empresa (spin off, empresa baseada no coñecemento (EBT), entre outras).

h) Actividades de formación, titoría ou asesoramento que contribúan a desenvolver e fortalecer as capacidades emprendedoras do equipo investigador, de cara á aplicabilidade de resultados obtidos.

i) Outras actividades necesarias para a efectiva transferencia, aplicación ou explotación dos resultados da investigación, debidamente xustificadas.

3. Requisitos específicos dos solicitantes

O IP e o resto do equipo deberán cumprir os seguintes requisitos dende a data de peche do prazo de presentación de solicitudes ata que remate o período de execución do proxecto:

- Estar en posesión do grao de doutor/a e manter unha relación contractual coa Universidade de Vigo a tempo completo.
- Estar vencellado/a a un grupo de investigación que forme parte do Campus Auga.

Ningún/ha investigador/a principal poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto.

4. Prazo e forma de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o día **6 de maio de 2025 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

O modelo de solicitude pode descargarse no apartado de [convocatorias](#) da Universidade de Vigo. Unha vez cuberto e asinado presentarse en formato pdf exclusivamente a través da [sede electrónica](#) no procedemento “Programa de Pulo á Valorización e Transferencia do Coñecemento do Campus Auga”.

No modelo de solicitude, que figura no Anexo IV, faranse constar os seguintes datos:

- Datos do/da investigador/a principal, que será a persoa solicitante da axuda.
- Datos dos membros do equipo que deberá ser proporcional coas tarefas a realizar.
- Descrición da actividade de valorización e transferencia (máximo 500 palabras).
- Grao de novidade e impacto dos resultados. (máximo 700 palabras).
- Orzamento con indicación dos conceptos de gasto. No caso de que se conte con outras axudas compatibles para a mesma finalidade, debe acreditarse o aporte da axuda recibida.

5. Orzamento e contía das axudas

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2025 AUGA 421S 48499, cunha dotación máxima de 20.000 euros.

A subvención máxima para cada proxecto será de 5.000 euros. Librarase por anticipado o 100% da subvención concedida no momento da resolución da concesión da axuda.

As axudas que se concedan deben considerarse destinadas a desenvolver o proxecto só durante a anualidade 2025 e o plan de traballo presentado tamén deberá ser executado en dita anualidade.

O persoal investigador beneficiario destas axudas non poderá dispoñer daqueles fondos que non teñan sido executados no prazo establecido.

6. Conceptos subvencionables

Os importes das axudas irán destinados a financiar os seguintes conceptos, sempre que se relacionen co proxecto de investigación:

- Gastos de contratación de consultaría destinada a servizos de I+D+i, afectos de maneira exclusiva ás actividades do proxecto.
- Gastos de contratación de servizos vencellados ao desenvolvemento dunha estratexia de protección da tecnoloxía/produto/coñecemento, incluíndo os custos de solicitude e rexistro de títulos de propiedade industrial e intelectual.
- Gastos de contratación de servizos asociados á validación técnica e económica das funcionalidades da tecnoloxía/produto/coñecemento por potenciais clientes, estudos de mercado, estratexia de explotación, etc.
- Gastos asociados ás probas de acreditación do cumprimento da normativa que sexa aplicable ao produto para a súa saída ao mercado.
- Gastos asociados á creación dunha imaxe de produto que facilite a súa explotación e lanzamento ao mercado.
- Custos de mobilidade: Gastos de viaxe, locomoción, dietas, aloxamento e manutención derivados da asistencia a reunións ou eventos relacionados co obxecto da axuda.
- Gastos de adquisición de material funxible, pequeno equipamento inventariable vencellado directamente ás actividades de transferencia do proxecto, cursos de formación en transferencia ou emprendemento e compra de licenzas de software específico.

Non serán gastos financiáveis:

Os gastos de contratación de persoal, ordenadores, equipamento informático ou programas informáticos de uso xeral, material de oficina, reparacións de infraestruturas e de equipamento, atencións de carácter protocolario.

Calquera modificación substancial respecto do orzamento solicitado precisará de autorización, a solicitude dirixirase á Dirección do Campus Auga.

Establécese como datas límite, o 10/10/2025 para a conciliación dos pedidos e o 15/10/2025 para a elaboración dos documentos contables correspondentes.

7. Revisión e selección das solicitudes

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes procederase á súa revisión e publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo a relación provisional das solicitudes admitidas e excluídas a trámite, así como as causas de exclusión.

As persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución para reclamar contra a relación provisional ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación. As reclamacións ou emendas presentaranse a través da [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto “Programa de Pulo á Valorización e Transferencia do Coñecemento do Campus Auga”.

Serán causas de exclusión das solicitudes presentadas o non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da documentación solicitada.

Posteriormente procederase á publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

8. Avaliación

A avaliación será efectuada pola comisión, que estará composta por:

- O director do Campus Auga, ou persoa en quen delegue, que será o/a presidente/a da comisión.

- Un/unha representante do Comité de dirección do Campus Auga, que será o/a secretario/a da comisión.
- Un/unha representante da Oficina de I+D da Universidade de Vigo.

Os membros desta comisión non poderán participar nos equipos solicitantes dos proxectos desta convocatoria.

Os criterios de avaliación dos proxectos son os recollidos no Anexo II desta convocatoria.

A comisión, de conformidade cos criterios establecidos para a avaliación, emitirá un informe motivado sobre a prelación das solicitudes. Non obstante, non será necesario fixar dita orde de prelación cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes presentadas que satisfagan os requisitos esixidos.

9. Resolución de concesión e réxime de recursos

Efectuada a valoración, a comisión de avaliación, a través da Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga, publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica a listaxe provisional de axudas concedidas e denegadas.

Fixarase un prazo de cinco días hábiles, que se contarán desde o día seguinte á publicación da devandita listaxe, para que as persoas candidatas presenten as alegacións que consideren oportunas a través da [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto “Programa de Pulo á Valorización e Transferencia do Coñecemento do Campus Auga”.

Transcorrido este prazo a comisión elevará, a través da Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga, unha proposta definitiva de resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

10. Incompatibilidades

A axuda é compatible con outras axudas para a mesma finalidade e/ou período.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

11. Renuncia

A renuncia á subvención farase por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia a Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

12. Réxime de xustificación

1. Toda a publicidade, relatorios, etc. relacionadas cos resultados dos proxectos deberán facer constar o financiamento da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en colaboración coa Universidade de Vigo para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Auga de Ourense (2024-2027).

2. O/A investigador/a principal do proxecto enviará á Vicerreitoría do Campus de Ourense - Campus Auga unha memoria final, no prazo de 15 días contados a partir do remate da aplicación da subvención, na que se describan os resultados acadados, que conterá polo menos os seguintes apartados e que deberán acreditarse documentalmente ou por calquera outro medio que deixe constancia da súa existencia.

- Resumo das actuacións levadas a cabo en relación cos obxectivos propostos. No caso de non acadarse todos os obxectivos deberá xustificarse.
- Outras actividades relacionadas co proxecto: informes, estudos, acreditacións, entrevistas en prensa, asistencia a feiras e xornadas divulgativas, reunións con empresarios ou institucións, etc.
- Memoria económica.

ANEXO II

Criterios de avaliación dos proxectos (100 puntos)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PUNTOS
1. Calidade da proposta	35
2. Grao de novidade e impacto dos resultados	40
3. Adecuación do orzamento solicitado	15
4. Medida positiva relativa á presenza de mulleres investigadoras	10

Criterio 1: Calidade da proposta.

Valorarase a idoneidade das actividades propostas ás características e obxecto da convocatoria.

Criterio 2: Grao de novidade e impacto dos resultados do proxecto a valorizar ou transferir

Grao de innovación e novidade dos resultados, orixe dos resultados (proxectos de investigación, convocatoria pública), grao de madurez (TRL) e cuantificación, na medida do posible, do impacto económico e/ou social. Contribución dos resultados nas liñas de especialización do Campus Auga.

Criterio 3: Adecuación do orzamento solicitado.

Valorarase a claridade, xustificación e adecuación do orzamento solicitado en relación cos obxectivos a alcanzar e as actividades a desenvolver no ámbito do proxecto.

Criterio 4: Medida positiva relativa á presenza de mulleres investigadoras.

Valorarase que a solicitude do proxecto sexa liderado por unha investigadora principal ou haxa un predominio de mulleres no equipo de investigación.

ANEXO III

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de resolver a "Convocatoria de axudas do programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga" e amparados pola lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813 419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os citados dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico [SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos](#)) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderán dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ANEXO IV

Formulario de solicitude para o procedemento “Programa de Pulo á Valorización e Transferencia do Coñecemento do Campus Auga”:

TÍTULO DO PROXECTO

TÍTULO DO PROXECTO:

I. DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e Apelidos:

D.N.I.:

Categoría:

Centro:

Grupo de investigación do Campus Auga:

Departamento:

Correo electrónico:

II. GRAO DE NOVIDADE E IMPACTO DOS RESULTADOS. Límite: 700 palabras.

Descrición da innovación e grao de novidade do resultado a valorizar ou transferir. Orixe dos resultados (proxectos de investigación, convocatorias públicas, etc.). Explique o estado actual de desenvolvemento dos resultados. Impacto económico e/ou social do resultado. Contribución dos resultados ás liñas de especialización do Campus Auga.

III. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE DE VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA.

Límite: 500 palabras.

Xustificación da idoneidade do proxecto de valorización ou transferencia en relación cos obxectivos e actividades da convocatoria. Descrición das actividades propostas e metodoloxía empregada.

IV. ORZAMENTO. FITOS IDENTIFICABLES DO PROXECTO

Orzamento desagregado e xustificación de gastos. Indicar para cada un dos conceptos permitidos nas bases, o importe dos gastos asociados (IVE incluído). Xustificación da adecuación do orzamento aos obxectivos e actividades proxecto de valorización ou transferencia a levar a cabo. No caso de que se conte con outras axudas compatibles para a mesma finalidade, debe acreditarse o aporte da axuda recibida.

V. EQUIPO DE TRABAJO			
Nome e Apellidos	Categoría	Grupo de investigación do Campus Auga	Departamento

Sinatura do/a investigador/a principal, comprometéndose en caso de concesión, a cumprir os requisitos desta convocatoria.

En Ourense, a de de 2025

Asdo.: